

Exclusiva

La Policía rescata a tres monjas indias retenidas en un convento de clausura de Santiago contra su voluntad

- La madre superiora les hizo creer que serían deportadas si abandonaban y que sus familias las rechazarían avergonzadas. Dos superiores custodian las llaves
- Ahora en la treintena, llegaron siendo adolescentes al convento de las Madres Mercedarias y "hace meses" que habían pedido salir
- Una jueza de Santiago investiga delitos de detención ilegal, contra la integridad moral, amenazas y coacciones. Una compañera que huyó contó la historia a la mujer para la que trabajaba como interna y ésta alertó a la Policía
- **ACTUALIZACIÓN** | La Policía concluye que el régimen de clausura anuló "la capacidad de pensar" de las monjas indias

Pedro Águeda (http://www.eldiario.es/autores/pedro_agueda/)

25/01/2016 - 20:55h



Como continuidad
da liña de traballo iniciada con
As do peixe

CONTRApoducións presenta agora unha nova proposta

Nacidas Libres

Teatro indagación. Teatro documento. Teatro reflexión.

Un espectáculo ameno, con catro excelentes actrices,
que parte dunha impactante e controvertida
noticia aparecida en todos os xornais

A realidade como inspiración
para a ficción dramática

Definindo unha liña de
traballo a partir da
experiencia de

AS DO PEIXE

Tras varios anos, con case cen funcións e un contrastado éxito de público e crítica, *As do peixe* supuxo para nós unha experiencia satisfactoria. É por iso que pretendemos darlle algún tipo de continuidade, seleccionando aquelas características que definiron aquel proceso creativo:

Condición da muller

Unha intención declarada de atinxir temas e argumentos cos que indagar e incidir na “condición da muller” desde todo tipo de puntos de vista.

Presenza feminina nos equipos creativos

Contaremos para este novo espectáculo coas mesmas catro actrices e a mesma directora de escena que, no seu momento, foron parte absolutamente esencial na creación de *As do peixe*.

Teatro de pescuda

Indagación en temas e argumentos inspirados na realidade, tanto na súa vertente actual como histórica.

Procesos creativos abertos e dinámicos

Levar adiante procesos creativos abertos e dinámicos nos que, desde un principio e até o día da estrea, se estableza un diálogo continuo entre os distintos axentes e actividades creativas que haberán de definir o espectáculo: traballo textual, actoral, de posta en escena, iluminación, escenográfico, etc.





nacidas *libres*

SINOPSE ARGUMENTAL

Catro actrices que atravesan esas idades nas que corren o risco de desaparecer do mundo do espectáculo, fartas de non recibir ofertas de traballo, deciden autoempregarse e montar unha peza, xuntándose nunha aula de cultura, hai anos pechada, dunha entidade bancaria que hai anos cambiou de nome. En vista de que non topan textos para catro mulleres, aventúranse a promovelos elas, encomendándollo a unha xove escritora que vive emigrada, partindo dunha noticia aparecida nos xornais:

*A policía rescata tres monxas indias retidas
contra a súa vontade nun convento de clausura en Santiago*

Con esa inspiración van argallando un espectáculo en múltiples planos no que, con rigor e obxectividade, pero con frescura, dinamismo, emoción e pinceladas de humor, entran no entramado argumental do caso, pero tamén en múltiples reflexións e referencias a diversos temas vistos desde a perspectiva de xénero: a desigualdade, a ilusión da liberdade, os condicionantes da muller nas distintas culturas, a emigración...

Catro actrices que interpretan unha ducia de personaxes. Un escenario no que se representan os máis variados espazos e situacións.

Un espectáculo
para pensar e desfrutar,
emocionarse e divertirse.

«Resulta extraño pensar que alguien desee ser cautiva. Las madres Mercedarias centran su vida en la contemplación, sin salir de su monasterio. Ellas entregan sus vidas para que se rompan las cadenas del pecado y la humanidad llegue a ser libre de verdad». Con este texto, y bajo el título de

«Nacidas libres»

se presenta la orden de las Mercedarias en la publicación *Barca de Santiago*, que edita el Arzobispado compostelano.

La Voz de Galicia
26/01/2016



as actrices

CASILDA ALFARO

Traballou en diversas compañías, especialmente en Teatro de Nigures, participando en numerosas montaxes dirixidas por Etelvino Vázquez, Júlio Cardoso, Celso Parada, Xan Cejudo, Xulio Lago, José Martins ou Cristina Domínguez.

Premio María Casares 1997 á Mellor Actriz Protagonista por *A noite das Tribades*

SUSANA DANS

Traballou en máis de cincuenta espectáculos con diversas compañías e especialmente co Centro Dramático Galego, con directores como Quico Cadaval, Manuel Lourenzo, Roberto Vidal Bolaño, Celso Parada, Cándido Pazó, Rubén Ruibal, Xan Cejudo, Xulio Lago, Guillermo Heras, Manuel Guede, Eduardo Alonso, Ánxeles Cuña, ou Pere Planella.

Premio María Casares 2014 á Mellor Actriz Protagonista por *As do peixe*, Premio María Casares 2008 á Mellor Actriz Protagonista por *A piragua*, Premio María Casares 2005 á Mellor Actriz Secundaria por *O Ano do Cometa*, Premio María Casares 2002 á Mellor Actriz Secundaria por *Rosalía*, Premio María Casares 2000 á Mellor Actriz Protagonista por *O cerco de Leningrado*. Premio Maruxa Villanueva 2002 pola súa traxectoria.

MÓNICA CAMAÑO

Traballou con directores como Manuel Lourenzo, Júlio Cardoso, Roberto Vidal Bolaño, Xoán Cejudo, Pablo Rodríguez, Etelvino Vázquez, Álvaro Lavín, Celso Parada, Zé Paredes ou Cristina Domínguez..

Premio María Casares 2008 como Mellor Actriz Secundaria en *Emigrados*, de Teatro de Nigures

ROCÍO GONZÁLEZ

Traballou como actriz en diversas compañías, especialmente Factoría Teatro, coa que participou en seis espectáculos, pero tamén en A Contrabutaca, Lagarta Lagarta, Nut, Teatro de Nigures e Eme2, Contraproducións, así como en tres espectáculos do Centro Dramático Galego.



autor
directora

CÁNDIDO PAZÓ

No campo da escritura teatral, é autor, adaptador ou traductor de numerosos textos, entre os que destacan: *O melro branco*, Premio Xeración Nós de Teatro Infantil 1989. *Rei lear* Premio Compostela 91 á Mellor Adapatación. *Commedia, un xoguete para Goldoni*. Premio Compostela 93 ó Mellor Espectáculo. *Nano*, Premio María Casares 1.998 á Mellor Adaptación. *O bululú do linier*, Premio María Casares 2.000 ao Mellor Texto Orixinal. *Ñiki-ñaque*, Premio Max ao Mellor Texto Orixinal en Galego 2002. *Bicos con lingua*, Premio María Casares ao Mellor Texto Orixinal 2004. *García*, Premio María Casares 2006 ao Mellor Texto Orixinal. *Emigrados*, Premio Max 2008 ao Mellor Texto Orixinal en Galego. *A piragua*, Premio María Casares 2.008 ao Mellor Texto Orixinal. *As do Peixe*, Premio María Casares 2014 ao Mellor Texto Orixinal. *O tolleito de Inshmaan*, Premio María Casares 2016 á Mellor Adaptación.

Premio de Honra “Roberto Vidal Bolaño” da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia 2.014. Premio da Cultura Galega no apartado de Artes Escénicas, 2.014.

CRISTINA DOMÍNGUEZ

Titulada pola Real Escuela de Arte Dramático y Danza de Madrid.

Directora do Centro Dramático Galego do 2005 a 2009.

Entre os numerosos espectáculos que dirixiu, especialmente coa compañía Factoría Teatro, da que foi fundadora, destacan: *Coitelos nas galiñas*, Premio María Casares 2002 á Mellor Dirección, *O tío Vania*, Premio María Casares 2005 á Mellor Dirección e *A viaxe de Lola*, Premio “Pasarena” de teatro ao Mellor Espectáculo en Logroño. *As do peixe*, Premio María Casares 2014 á Mellor Dirección

Actualmente é profesora de técnica vocal e expresión oral na ESAD de Galicia.



a compañía

CONTRaproducións, nova denominación de ABRAPALABRA Creacións Escénicas ten no seu repertorio espectáculos como **Memorias dun Neno Labrego** (con cerca de 200 funcións), **As do peixe** (Premio María Casares ao Mellor Texto Orixinal, Premio María Casares á Mellor Dirección, Premio María Casares á Mellor Actriz Protagonista, Premio do Público da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia), **O tolleito de Inishmaan** (Premio María Casares á Mellor Adaptación, Premio María Casares ao Mellor Actor Protagonista, Premio María Casares á Mellor Actriz Secundaria, Premio María Casares ao Mellor Actor Secundario, Premio María Casares á Mellor Iluminación).

Para a creación de **Nacidas Libres a compañía** conta co seguinte equipo profesional:

Texto
Cándido Pazó

Actrices
**Rocío González, Casilda Alfaro
Mónica Camaño, Susana Dans**

Escenografía e vestuario
Iluminación
Música e espazo sonoro
Axudante de dirección
Axudante de Produción
Xefa de Produción
Dirección de escena

**Carlos Alonso
Afonso Castro
Guillermo Fernández
Belén Pichel
Lilian Portela
Belén Pichel
Cristina Domínguez**

Estrea
30 de xuño 2017
M.T.C.F. de Cangas

Distribución

Belén Pichel 605263755
Lilian Portela 610106808

belenpichel@gmail.com

CONTRA
PRODUCCIÓNS